



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA
27 DE NOVIEMBRE DE 2025**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JESÚS ROMERO CARRACELAS
LUCÍA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURÁN BEREJO
XULIO CRIBEIRO GARCÍA
PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ
NOEL LÓPEZ LÓPEZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
M^a DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Escusan a súa asistencia as Concelleiras:
CARMELA PRIETO CAL
OLGA IGLESIAS BEREJO

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

M^a CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 27 de novembro de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 25.09.2025 E DO EXTRAORDINARIO DE DATA 06.02.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións de datas 25.09.2025 e 06.02.2025.



A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da actas dos plenos anteriores, correspondentes ao ordinario de data 25.09.2025 e ao extraordinario de data 06.02.2025, resultando aprobadas por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. MODIFICACIÓN DOS ACORDOS POLOS QUE SE AUTORIZA A PARQUE EÓLICO A CAPELADA, A.I.E. A INSTALAR E EXPLOTAR PLANTAS DE ENERXÍA EÓLICA DENTRO DA FINCA SITA NO MONTE DE A CAPELADA, PARAXE DENOMINADO “PENA DO VIÑO” -“PASTIZAL DE MEIJIDO”, E DENTRO DA FINCA SITA NO PARAXE DENOMINADO “PENA DO VIÑO” -“PASTIZAL DE VIDUIDO” INTEGRANTE DO MONTE CATALOGADO Nº 224, DENOMINADO CAPELADA. EXPEDIENTE: 2025/X999/000161

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de novembro de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 19.11.2025, que dí:

“PROPOSTAAO PLENO

Asunto: MODIFICACIÓN DOS ACORDOS POLOS QUE SE AUTORIZA A PARQUE EÓLICO A CAPELADA, A.I.E. A INSTALAR E EXPLOTAR PLANTAS DE ENERXÍA EÓLICA DENTRO DA FINCA SITA NO MONTE DE A CAPELADA, PARAXE DENOMINADO “PENA DO VIÑO” -“PASTIZAL DE MEIJIDO”, E DENTRO DA FINCA SITA NO PARAXE DENOMINADO “PENA DO VIÑO” -“PASTIZAL DE VIDUIDO” INTEGRANTE DO MONTE CATALOGADO Nº 224, DENOMINADO CAPELADA

Expediente: 2025/X999/000161

Mediante acordo do Pleno da Corporación adoptado en data 01.03.1995 facultouse á Alcaldía-Presidencia do concello para a sinatura de contrato de autorización de ocupación de terreos con PARQUE EOLICO A CAPELADA, A.I.E. para instalar e explotar plantas de enerxía eólica dentro da finca sita no paraxe denominado “Pena do Viño”, tamén coñecido por “Pastizal de Viduido” integrante do monte catalogado nº 224, denominado Capelada inscrita no Rexistro da Propiedade ao tomo 175, libro 23, folio 122, finca núm. 2073, inscrición 1ª, co fin de transformar a enerxía eólica en eléctrica, así como á colocación dunha subestación e correspondentes liñas de entrada e saída.

Asi mesmo, mediante acordo do Pleno da Corporación adoptado en data 01.03.1995 facultouse á Alcaldía-Presidencia do concello para a sinatura de contrato de autorización de ocupación de terreos con PARQUE EOLICO A CAPELADA, A.I.E. para instalar e explotar plantas de enerxía eólica dentro da finca sita no monte de A Capelada, paraxe denominado “Pena do Viño” tamén coñecido por “Pastizal de Meijido” inscrita no Rexistro da Propiedade ao Tomo 175, Libro 23, Folio 122, finca núm. 2073, inscrición 1ª, co fin de transformar a enerxía eólica en eléctrica, así como á colocación dunha subestación e correspondentes liñas de entrada e saída. Con data 10.03.1995 formalizouse dito contrato de autorización de ocupación de terreos.

Na cláusula segunda dos acordos establece un prazo de duración de 20 anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, salvo que PARQUE EÓLICO A CAPELADA, A.I.E. comunique por escrito o seu desexo de non prorrogar o contrato, a-lo menos con seis meses de anticipación á correspondente data de vencemento.



Na cláusula terceira establece que o concello percibirá como prezo a cantidade de 100.000 ptas./ano por máquina a instalar, instalándose inicialmente 17 aeroxeneradores, prevéndose a revisión anual do prezo segundo o índice de prezos ao consumo fixado polo Instituto Nacional de Estatística para os doce meses inmediatamente anteriores.

Na cláusula sétima establece a posibilidade de cesión dos dereitos contemplados no contrato, asumindo o terceiro cesionario a totalidade de dereitos e deberes que no mesmo se recollen, coa sola comunicación ao concello.

En data 16.07.2025 presentase no rexistro do concello por D. Julio Lozano Cuba, con DNI número en representación de ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L (CIF B61234613) escrito no que indica que a súa representada é titular das instalacións de xeración de enerxía eléctrica denominadas “Parque Eólico San Andrés” (conformado polos antigamente denominados Parque Eólico Os Corvos e Parque Eólico Coucepenido), “Parque Eólico Capelada I” e “Parque Eólico Capelada II”, ubicados no termo municipal de Cedeira na provincia de A Coruña, a través das sociedades Parque Eólico A Capelada S.L., con CIF número B81009656, e Parque Eólico San Andrés S.A., con CIF número A15625387, das que ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L é accionista maioritario ostentando o 100% e o 75% do capital respectivamente, exercendo o control das mesmas.

En dito escrito presentase proposta de renovación ou modificación dos citados contratos de arrendamento, nos seguintes termos para o parque de A Capelada I e para o parque de A Capelada II:

- Renovación ano a ano durante un período de 5 anos para cada un dos parques eólicos, cos seguintes importes anuais:

Capelada I: 39.401 €

Capelada II: 41.664 €

Resultando que Parque Eólico A Capelada S.L. con CIF número B81009656, ingresou no ano 2025 polo Parque Eólico A Capelada I 25.623,82 euros, e polo Parque Eólico A Capelada II 27.131,09 euros, segundo se informa pola Intervención municipal, importe que se actualiza anualmente segundo o IPC do mes de novembro do ano anterior.

Considerando que a modificación dos citados acordos de autorización de ocupación de terreos nos termos expostos resulta máis favorable para o Concello, visto o informe de Intervención de data 18.11.2025.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación dos acordos de autorización de ocupación de terreos con PARQUE EOLICO A CAPELADA, A.I.E. para instalar e explotar plantas de enerxía eólica dentro da finca sita no paraxe denominado “Pena do Viño”, tamén coñecido por “Pastizal de Viduido” integrante do monte catalogado nº 224, denominado Capelada inscrita no Rexistro da Propiedade ao tomo 175, libro 23, folio 122, finca núm. 2073, inscrición 1ª, e dentro da finca sita no monte de A Capelada, paraxe denominado “Pena do Viño” tamén coñecido por “Pastizal de Meijido” inscrita no Rexistro da Propiedade ao Tomo 175, Libro 23, Folio 122, finca núm. 2073, inscrición 1ª, co fin de transformar a enerxía eólica en eléctrica, así como á colocación de subestacións e correspondentes liñas de entrada e saída, nos termos propostos por D. Julio Lozano Cuba, con DNI número en representación de Parque Eólico A Capelada S.L. (CIF número B81009656) e de e de Enel Green Power España, S.L. (CIF B61234613) como titular das instalacións de xeración de enerxía eléctrica denominadas “Parque Eólico San Andrés”



(conformado polos antigamente denominados Parque Eólico Os Corvos e Parque Eólico Coucepenido), “Parque Eólico Capelada I” e “Parque Eólico Capelada II”, ubicados no termo municipal de Cedeira, a través das sociedades Parque Eólico A Capelada S.L. con CIF número B81009656, e Parque Eólico San Andrés S.A. con CIF número A15625387, das que ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L é accionista maioritario ostentando o 100% e o 75% do capital respectivamente, exercendo o control das mesmas.

Dita proposta de data 16.07.2025, consiste na Renovación (prórroga) ano a ano durante un período de 5 anos para cada un dos parques eólicos, cun importe anual de 39.401 € para A Capelada I, e de 41.664 € para A Capelada II.

Sendo aprobada dita proposta no exercicio 2025, ingresárase a diferenza ata alcanzar o importe actualizado, por Parque Eólico A Capelada, S.L previa emisión das correspondentes facturas por parte do Concello de Cedeira.

Segundo.- As restantes cláusulas e condicións dos acordos de autorización de ocupación de terreos adoptados polo Pleno do Concello en data 01.03.1995, e asinado en data 10.03.1995, mantense inalterables e vixentes.

Terceiro.- Dispoñer a formalización da modificación do contrato, facultando ao Alcalde para a sinatura de cantos documentos resulten necesarios para a execución do acordo.

Cuarto.- Notificar o presente acordo a D. Julio Lozano Cuba, con DNI número _____ en representación de Parque Eólico A Capelada S.L. con CIF número B81009656, ao que se citará para a formalización da modificación do contrato, mediante a sinatura da correspondente Addenda.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións, do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Bueno nada, eu vou explicar tamén brevemente; o Grupo de Goberno leva case un par de anos falando con ENEL. ENEL, no seu momento, fixo un contrato, o primeiro contrato co Concello de Cedeira o 1 de marzo do ano 1995, que se levou a Pleno. Un contrato por 20 anos cunha cantidade creo que de 100.000 pesetas, como se dixo antes, e todos temos o contrato nos nosos correos electrónicos. Ese contrato pois podía prorrogar cada 5 anos, pero só pola empresa adxudicataria, é dicir, por eles. É dicir, para o Concello de Cedeira foi sempre un contrato indefinido encuberto porque realmente nosoutros non podíamos dicir nada, eles podían estar continuamente, continuamente, continuamente... Como a empresa tivo uns beneficios tódolos anos pois, a verdade é que moi grandes, seguimos insistindo para que tiveran ese detalle co Concello de Cedeira. Bueno, ao final, despois de moita negociación, o que acadamos é que por exemplo, nestes dous parques, pois teñamos unha diferenza que nos van a pagar un 53,66 % máis. Se antes nos estaban pagando 52.754,91 ao ano, pois agora van a pagar 81.065 € ao ano. Non se modifica o contrato para nada, e estamos esperando, bueno, a que no seu momento que eles contan, cando teñan as autorizacións pertinentes sobre o ano 2027, facer unha repotenciación dos aparatos que teñen, porque son aparatos antigos e todo iso. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MODIFICACIÓN DO CONTRATO POLO QUE SE AUTORIZA A PARQUE EÓLICO DE COUCEPENIDO, S.A. A INSTALAR E EXPLOTAR PLANTAS DE APROVEITAMENTO DE



**ENERXÍA EÓLICA DENTRO DO MONTE DENOMINADO LUME, MONTOTOXO.
EXPEDIENTE: 2025/X999/000162**

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de novembro de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 19.11.2025, que dí:

“PROPOSTA AO PLENO

Asunto: MODIFICACIÓN DO CONTRATO POLO QUE SE AUTORIZA A PARQUE EÓLICO DE COUCEPENIDO, S.A. A INSTALAR E EXPLOTAR PLANTAS DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍA EÓLICA DENTRO DO MONTE DENOMINADO LUME, MONTOTOXO.

Expediente: 2025/X999/000162

Mediante acordo do Pleno da Corporación adoptado en data 07.04.1998 facultouse á Alcaldía-Presidencia do concello para a sinatura de contrato de autorización de ocupación de terreos con PARQUE EOLICO DE COUCEPENIDO, S.A. a instalar e explotar plantas de enerxía eólica dentro do Monte denominado Lume, Montotoxo, inscrito no Rexistro da Propiedade ao Tomo 185, Libro 23, Folio 125, finca núm. 1076, inscrición 1ª, co fin de transformar a enerxía eólica en eléctrica, así como á colocación dunha subestación e correspondentes liñas de entrada e saída.

Con data 06.05.1998 formalizouse dito contrato de autorización de ocupación, cun prazo de duración, previsto na cláusula segunda, de 30 anos, prorrogables automaticamente por 4 períodos sucesivos de cinco anos, salvo comunicación por escrito de calquera das partes, a-lo menos con seis meses de anticipación á data de vencemento do contrato ou das sucesivas prórrogas. A partir da finalización da última prórroga, o acordo prorrogarase por períodos sucesivos de un ano, salvo que calquera das partes manifeste á outra, cunha antelación de tres meses, o seu desexo de non prorrogalo.

Na cláusula terceira establece que o concello percibirá como prezo a cantidade de 150.000 ptas./ano por máquina a instalar, instalándose inicialmente 21 aerogeneradores, prevéndose a revisión anual do prezo segundo o índice de prezos ao consumo fixado polo Instituto Nacional de Estatística para os doce meses inmediatamente anteriores.

Na cláusula sétima establece a posibilidade de cesión dos dereitos contemplados no contrato, asumindo o terceiro cesionario a totalidade de dereitos e deberes que no mesmo se recollen, previa autorización ou comunicación ao concello segundo os casos.

En data 16.07.2025 presentase no rexistro do concello por D. Julio Lozano Cuba, con DNI número en representación de ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L (CIF B61234613) escrito no que indica que a súa representada é titular das instalacións de xeración de enerxía eléctrica denominadas “Parque Eólico San Andrés” (conformado polos antigamente denominados Parque Eólico Os Corvos e Parque Eólico Coucepenido), “Parque Eólico Capelada I” e “Parque Eólico Capelada II”, ubicados no termo municipal de Cedeira na provincia de A Coruña, a través das sociedades Parque Eólico A Capelada S.L., con CIF número B81009656, e Parque Eólico San Andrés S.A., con CIF número A15625387, das que ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L é accionista maioritario ostentando o 100% e o 75% do capital respectivamente, exercendo o control das mesmas.



En dito escrito presentase proposta de renovación ou modificación dos citados contratos de arrendamento, nos seguintes termos para o parque de Coucepenido:

- Renovación ano a ano durante un período de 5 anos para cada un dos parques eólicos, cos seguintes importes anuais:

- Coucepenido: 65.757 €

Resultando que Parque Eólico de San Andrés S.A. con CIF A15625387 ingresou no ano 2025 polo Parque Eólico Coucepenido 42.824,38 euros, segundo se informa pola Intervención municipal, importe que se actualiza anualmente segundo o IPC do mes de novembro do ano anterior.

Considerando que a modificación do citado contrato de autorización de ocupación de terreos nos termos expostos resulta máis favorable para o Concello, visto o informe de Intervención de data 18.11.2025.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente, proponho ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación do contrato de autorización de ocupación de terreos con PARQUE EOLICO DE COUCEPENIDO, S.A. a instalar e explotar plantas de enerxía eólica dentro do Monte denominado Lume, Montoxo, inscrito no Rexistro da Propiedade ao Tomo 185, Libro 23, Folio 125, finca núm. 1076, inscrición 1ª, co fin de transformar a enerxía eólica en eléctrica, así como á colocación dunha subestación e correspondentes liñas de entrada e saída, nos termos propostos por D. Julio Lozano Cuba, con DNI número [redacted] en representación de Parque Eólico San Andrés S.A. (A15625387) e de Enel Green Power España, S.L. (CIF B61234613) como titular das instalacións de xeración de enerxía eléctrica denominadas “Parque Eólico San Andrés” (conformado polos antigamente denominados Parque Eólico Os Corvos e Parque Eólico Coucepenido), “Parque Eólico Capelada I” e “Parque Eólico Capelada II”, ubicados no termo municipal de Cedeira, a través das sociedades Parque Eólico A Capelada S.L. con CIF número B81009656, e Parque Eólico San Andrés S.A. con CIF número A15625387, das que Enel Green Power España, S.L é accionista maioritario ostentando o 100% e o 75% do capital respectivamente, exercendo o control das mesmas.

Dita proposta de data 16.07.2025, consiste na Renovación (prórroga) ano a ano durante un período de 5 anos para cada un dos parques eólicos, cun importe anual de 65.757 € para o Parque Eólico Coucepenido.

Sendo aprobada dita proposta no exercicio 2025, ingresárase a diferenza ata alcanzar o importe actualizado, pola empresa Parque Eólico de San Andrés S.A. con CIF A15625387, previa emisión da corresponde factura por parte do Concello de Cedeira.

Segundo.- As restantes cláusulas e condicións do contrato de autorización de ocupación asinado en data 06.05.1998 mantense inalterables e vixentes.

Terceiro.- Dispoñer a formalización da modificación do contrato, facultando ao Alcalde para a sinatura de cantos documentos resulten necesarios para a execución do acordo.

Cuarto.- Notificar o presente acordo a D. Julio Lozano Cuba, con DNI número [redacted] en representación de Parque Eólico San Andrés S.A, con CIF A15625387, ao que se citará para a formalización da modificación do contrato, mediante a sinatura da correspondente Addenda.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PsdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”



Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Bueno, este xa non é semellante ao contrato anterior, vale? Aquí levouse a Pleno no ano 1998, foi cando se aprobou este contrato en Pleno, pero xa era un contrato que xa despois da súa prórroga, dos creo que eran 30 anos, non?

A Sra. Secretaria di: Si.

O Sr. Alcalde di: Si, 30 anos, eran prorrogables por períodos sucesivos de 5 anos, pero xa neste contrato, o Concello polo menos xa debeuse ler daquela a letra pequena un pouco mellor, e xa o que fixo pois foi meter a cláusula de que calquera das dúas partes podían rescindir o contrato avisando con 6 meses de antelación cousa que no contrato anterior pois non existía, vale? Non se vulnera ningún termo máis do contrato, solo o que é a parte económica, e bueno, dicimos que antes ingresaban por este parque 42.824,38 e agora van ingresar 65.757 €, o cal supón ter neste caso tamén un aumento dun 53,55%. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. MODIFICACIÓN DO CONTRATO POLO QUE SE AUTORIZA A PARQUE EÓLICO DE OS CORVOS, S.A. A INSTALAR E EXPLOTAR PLANTAS DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍA EÓLICA DENTRO DOS MONTES CATALOGADOS Nº 224 DENOMINADO CAPELADA, CEDEIRA, E Nº 225 DENOMINADO CAPELADA, RÉGOA. EXPEDIENTE: 2025/X999/000163

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de novembro de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 19.11.2025, que dí:

“PROPOSTAAO PLENO

Asunto: MODIFICACIÓN DO CONTRATO POLO QUE SE AUTORIZA A PARQUE EÓLICO DE OS CORVOS, S.A. A INSTALAR E EXPLOTAR PLANTAS DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍA EÓLICA DENTRO DOS MONTES CATALOGADOS Nº 224 DENOMINADO CAPELADA, CEDEIRA, E Nº 225 DENOMINADO CAPELADA, RÉGOA

Expediente: 2025/X999/000163

Mediante acordo do Pleno da Corporación adoptado en data 07.04.1998 facultouse á Alcaldía-Presidencia do concello para a sinatura de contrato de autorización de ocupación de terreos con PARQUE EOLICO DE OS CORVOS, S.A. a instalar e explotar plantas de aproveitamento de enerxía eólica dentro do Monte catalogado nº 224 denominado Capelada, Cedeira, inscrito no Rexistro da Propiedade ao Tomo 175, Libro 23, Folio 122, finca núm. 2073, inscrición 1ª, e dentro do Monte catalogado nº 225 denominado Capelada, Régoa, inscrito no Rexistro da Propiedade ao Tomo 185, Libro 23, Folio 123, finca núm. 2074, inscrición 1ª co fin de transformar a enerxía eólica en eléctrica, así como á colocación dunha subestación e correspondentes liñas de entrada e saída.

Con data 06.05.1998 formalizouse dito contrato de autorización de ocupación, cun prazo de duración, previsto na cláusula segunda, de 30 anos, prorrogables automaticamente por 4 períodos sucesivos de cinco anos, salvo comunicación por escrito de calquera das partes, a-lo menos con seis meses de anticipación á data de vencemento do contrato ou das sucesivas prórrogas. A partir da finalización da



última prórroga, o acordo prorrogarase por períodos sucesivos de un ano, salvo que calquera das partes manifeste á outra, cunha antelación de tres meses, o seu desexo de non prorrogalo.

Na cláusula terceira establececese que o concello percibirá como prezo a cantidade de 150.000 ptas./ano por máquina a instalar, instalándose inicialmente 17 aeroxeneradores, prevéndose a revisión anual do prezo segundo o índice de prezos ao consumo fixado polo Instituto Nacional de Estatística para os doce meses inmediatamente anteriores.

Na cláusula sétima establececese a posibilidade de cesión dos dereitos contemplados no contrato, asumindo o terceiro cesionario a totalidade de dereitos e deberes que no mesmo se recollen, previa autorización ou comunicación ao concello segundo os casos.

En data 16.07.2025 presentase no rexistro do concello por D. Julio Lozano Cuba, con DNI número en representación de ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L (CIF B61234613) escrito no que indica que a súa representada é titular das instalacións de xeración de enerxía eléctrica denominadas “Parque Eólico San Andrés” (conformado polos antigamente denominados Parque Eólico Os Corvos e Parque Eólico Coucepenido), “Parque Eólico Capelada I” e “Parque Eólico Capelada II”, ubicados no termo municipal de Cedeira na provincia de A Coruña, a través das sociedades Parque Eólico A Capelada S.L., con CIF número B81009656, e Parque Eólico San Andrés S.A., con CIF número A15625387, das que ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L é accionista maioritario ostentando o 100% e o 75% do capital respectivamente, exercendo o control das mesmas.

En dito escrito presentase proposta de renovación ou modificación dos citados contratos de arrendamento, nos seguintes termos para o parque de Os Corvos:

- Renovación ano a ano durante un período de 5 anos para cada un dos parques eólicos, cos seguintes importes anuais:
- Os Corvos: 53.318 €

Resultando que Parque Eólico de San Andrés S.A. con NIF A15625387 ingresou no ano 2025 polo Parque Eólico de Os Corvos 34.667,02 euros, segundo se informa pola Intervención municipal, importe que se actualiza anualmente segundo o IPC do mes de novembro do ano anterior.

Considerando que a modificación do citado contrato de autorización de ocupación de terreos nos termos expostos resulta máis favorable para o Concello, visto o informe de Intervención de data 18.11.2025.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación do contrato de autorización de ocupación de terreos con PARQUE EOLICO DE OS CORVOS, S.A. a instalar e explotar plantas de aproveitamento de enerxía eólica dentro do Monte catalogado nº 224 denominado Capelada, Cedeira, inscrito no Rexistro da Propiedade ao Tomo 175, Libro 23, Folio 122, finca núm. 2073, inscrición 1ª, e dentro do Monte catalogado nº 225 denominado Capelada, Régoa, inscrito no Rexistro da Propiedade ao Tomo 185, Libro 23, Folio 123, finca núm. 2074, inscrición 1ª co fin de transformar a enerxía eólica en eléctrica, así como á colocación dunha subestación e correspondentes liñas de entrada e saída, nos termos propostos por D. Julio Lozano Cuba, con DNI número en representación de Parque Eólico San Andrés S.A. (CIF A15625387) e de Enel Green Power España, S.L. (CIF B61234613) como titular das instalacións de xeración de enerxía eléctrica denominadas “Parque Eólico San Andrés” (conformado polos antigamente denominados Parque Eólico Os Corvos e Parque Eólico Coucepenido), “Parque Eólico Capelada I” e



“Parque Eólico Capelada II”, ubicados no termo municipal de Cedeira, a través das sociedades Parque Eólico A Capelada S.L. con CIF número B81009656, e Parque Eólico San Andrés S.A. con CIF número A15625387, das que Enel Green Power España, S.L é accionista maioritario ostentando o 100% e o 75% do capital respectivamente, exercendo o control das mesmas.

Dita proposta de data 16.07.2025, consiste na Renovación (prórroga) ano a ano durante un período de 5 anos para cada un dos parques eólicos, cun importe anual de 53.318 € para o Parque Eólico de Os Corvos.

Sendo aprobada dita proposta no exercicio 2025, ingresárase a diferenza ata alcanzar o importe actualizado, pola empresa Parque Eólico de San Andrés S.A. con NIF A15625387 previa emisión da corresponde factura por parte do Concello de Cedeira.

Segundo.- As restantes cláusulas e condicións do contrato de autorización de ocupación asinado en data 06.05.1998 mantense inalterables e vixentes.

Terceiro.- Dispoñer a formalización da modificación do contrato, facultando ao Alcalde para a sinatura de cantos documentos resulten necesarios para a execución do acordo.

Cuarto.- Notificar o presente acordo a D. Julio Lozano Cuba, con DNI número en representación de Parque Eólico San Andrés S.A., con CIF A15625387 ao que se citará para a formalización da modificación do contrato, mediante a sinatura da correspondente Addenda.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2) e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Vale, este é como o anterior. Si que neste caso tamén se levou a Pleno o 6 de maio de 1998, tamén cunha duración de 30 anos, prorrogables por 5 anos. Cada 5 anos por 4 períodos de 5 anos, neste caso, e tamén podendo rescindir por parte de calquera das dúas partes con 6 meses de antelación. A cantidade que nos estaban pagando eran 34.667,02 e agora vannos pagar por este 53.318 €. En total, supón un 53,80% máis. Bueno, quería dicir que os tres parques estaban dando ao Concello de Cedeira, recollendo, sobre 136.246,31 € e agora vannos a pagar 200.140 €, son 69.893,69 € que supón un 53,66% máis, e que se vai pagar xa, por exemplo: este ano, con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro. É dicir, téñennos que pagar a diferenza, que son eses 69.893,69€.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. MOCIÓN DO PP PARA A DEFENSA DA AUTONOMÍA MUNICIPAL E A SUSPENSIÓN DA TAXA OBRIGATORIA DE LIXOS IMPOSTA POLA LEI 7/2022

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de novembro de 2025, que di:

“Vista a moción presentada no rexistro do concello en data 13.11.2025, que traducida ao galego dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O municipio é a administración máis próxima ao cidadán. En cada servizo, en cada rúa limpa ou farola encendida, reflíctese o compromiso dos concellos coa xestión responsable, a sustentabilidade e o



benestar común. Por iso, as decisións que afectan directamente o peto dos veciños deben respectar sempre a autonomía municipal recoñecida pola Constitución Española e a Lei de Bases de Réxime Local.

Con todo, a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, impón a todos os concellos de España a obrigación de establecer unha taxa ou prestación patrimonial que cubra o 100% do custo do servizo de recollida e tratamento de residuos urbanos, suprimindo a capacidade dos municipios para decidir libremente como financeiro.

Por primeira vez na historia democrática española, un tributo local de carácter potestativo pasa a ser obrigatorio por imposición estatal, vulnerando os principios de autonomía local (art. 140 CE), suficiencia financeira (art. 142 CE) e xustiza tributaria (art. 31 CE). O resultado práctico é que millóns de familias e pequenos negocios verán incrementado o seu recibo de lixos de forma significativa, sen que os concellos poidan mitigar este impacto mediante fondos propios, bonificacións ou tarifas sociais.

Ademais, o argumento de que "Europa obriga" carece de fundamento. A propia Comisión Europea, en resposta escrita de decembro de 2024 ao Grupo Popular Europeo, aclarou que a Directiva (UE) 2018/851 non esixe a imposición dunha taxa que cubra integramente o custo do servizo, e que os Estados membros poden utilizar outros mecanismos alternativos de financiamento.

A decisión de trasladar o custo íntegro aos cidadáns é, por tanto, unha decisión política nacional, non unha esixencia de Europa. Iso xerou unha profunda inseguridade xurídica nos concellos, a multiplicación de ordenanzas contraditorias e o risco de conflitos legais pola falta dun desenvolvemento regulamentario claro.

A todo iso súmase o impacto acumulado de máis de cen subidas de impostos nos últimos anos, que incrementaron a carga fiscal sobre familias, traballadores e autónomos, reducindo a súa capacidade de aforro e consumo.

Os municipios non poden ser recadadores forzosos de decisións alleas nin verse obrigados a trasladar aos veciños políticas fiscais que non comparten. Por iso, os concellos deben unirse nunha fronte común institucional, plural e construtivo, para esixir respecto á súa autonomía e liberdade para aplicar solucións xustas e sostibles.

Neste sentido, propónse que o Pleno do Concello de Cedeira adopte os seguintes acordos:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar ao Goberno de España a derrogar a obrigatoriedade imposta pola Lei 7/2022 de establecer unha taxa ou prestación patrimonial que repercute o 100% do custo da xestión de residuos urbanos nos cidadáns.
2. Solicitar a reforma da Lei 7/2022 para garantir:
 - O respecto á autonomía local e a potestade tributaria local.
 - Un sistema flexible de financiamento que permita aos concellos cubrir o servizo con cargo aos seus orzamentos ou mediante modelos mixtos.
 - A incorporación de incentivos á reciclaxe e a economía circular, en lugar de penalizacións indiscriminadas.
 - A posibilidade de bonificacións sociais para familias vulnerables, pensionistas ou autónomos con baixos ingresos.



3. Reclamar ao Goberno de España que paralice calquera medida que supoña novas subidas de impostos ou cotizacións a traballadores, familias ou autónomos, en tanto non se garanta un sistema fiscal xusto e sostible.
4. Solicitar a creación dun Plan Nacional de Infraestruturas para a Economía Circular, cofinanciado con fondos europeos, que permita mellorar os sistemas locais de recollida e tratamento de residuos sen trasladar todo o custo ao cidadán.
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), á Federación Autonómica de Municipios, aos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, e aos concellos da provincia, convidándolles a adherirse a esta iniciativa en defensa da autonomía local e da xustiza fiscal.”

A Comisión, por dous (2) votos a favor do PP, e cinco (5) abstencións, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Pernas Díaz di: Ademais de que a suba do lixo nos repercute a todos aquí en Galicia, é un pouco simpático que se presente esta moción, porque en realidade aquí, na nosa Galicia, a culpa de que no lixo agora teñamos unha subida do lixo, pois é do Partido Popular.

De todas formas, a Lei 7/2022 non obriga a meter un taxazo de recibo á xente, a Comisión Europea xa dixo, como ben dixo aí, que non é obrigatorio repercutir o 100% do custo na veciñanza. E a Lei 7/2022 tampouco obriga, o verdadeiro problema, aquí en Galicia, chámase SOGAMA. Se hoxe pagamos máis polo lixo, é porque SOGAMA subiu un canon de 68 € a 108 €/tonelada en 2 anos. SOGAMA está afogada por contratos millonarios -máis de 900 millóns- asinados polo PP. O 80% do lixo que acaba en SOGAMA é queimado ou enterrado. Iso é algo que agora Europa está penalizando. O sistema depende ademais de Gas Naturgy, que tamén controla parte de SOGAMA e isto non o está facendo Madrid. Galicia agora mesmo ten un dos peores datos de reciclaxe do Estado. E imos pagar parte dunha multa europea porque o modelo do PP non cumpre ningún obxectivo. O PP fala agora de autonomía municipal, cando leva décadas obrigándonos a todos os concellos a pasar por SOGAMA, poñendo trabas a modelos alternativos que funcionan. Dicir autonomía municipal mentres impós un monopolio é cinismo político. Nós defendemos un modelo máis barato, máis ecolóxico e adaptado a Galicia: compostaxe doméstica e comunitaria, tratamento de proximidade, menos incineración e menos transporte, educación e participación. Modelos que xa funcionan en Allariz, Pontevedra ou o Morrazo. Non teorías, realidades, eh?

Esta moción non busca solucións, busca culpables, culpables doutros partidos, cando os únicos responsables da subida do lixo en Galicia son vostedes, o PP, e o seu modelo fracasado de SOGAMA. Por iso, o BNG vai votar en contra desta moción e tamén queremos deixar claro que non imos a permitir que se manipule á veciñanza botándolle a culpa a quen non a ten.

